

## **Acta da Sesión extraordinaria do Pleno do Concello de Cerceda de 8 de marzo de 2019**

Na Sala de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Cerceda (A Coruña), sendo trece horas e vinte e nove minutos do día 8 de marzo de 2019, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, baixo a Presidencia da sra. Alcaldesa en funcións, Dna. Cristina Capelán Cancelo, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, previamente convocada ó día da data, para a que foron previamente citados.

### Asistentes

#### Grupo Municipal do PsdG-PSOE

Dna. Cristina Capelán Cancelo.  
D. Jesús Rama Bello.  
D. Francisco Javier Boquete Cambón  
D. Angel Gestal Gómez.  
Dna. María Esther Mosquera Fraga.

#### Grupo Municipal do PP

D. José Francisco Santos Regueiro.  
D. Jesús Picón Pardo.  
Dna. Pilar Amor Mallo  
D. Juan José Boquete Carnota

#### Grupo Municipal do BNG

D. Alberto Sánchez Regueiro

Secretario Xeral: D. Raúl Martínez Martínez.

Interventora: Dna. Pilar Martínez Villar.

Non asiste a voceira do Grupo Municipal do BNG, Dna. Rocío da Igrexa Prego, quen excusa a súa asistencia por secundar a Folga de Mulleres convocada para este mesmo día.

A Presidencia, tras comprobar nos términos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 46.2 c. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, para a válida celebración das sesións do Concello Pleno, declara aberta esta, pasándose ó estudio dos asuntos incluídos na seguinte

### **Orde do día**

#### **Único. Toma de coñecemento da renuncia o cargo de concelleira de Dna. María Viqueira Iglesias.**

Dase coñecemento ao Plenario da renuncia ó cargo de concelleira de Dna. María Viqueira Iglesias.

Queda enterada a Corporación.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as trece horas e trinta minutos do día da convocatoria, de todo canto eu, como Secretario Xeral dou fe.

A Alcaldesa en funcións  
Cristina Capelán Cancelo

Secretario Xeral  
Raúl Martínez Martínez

